


CUMIEIRA

Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 8 - 2023

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)



CUMIEIRA

*Cadernos de investigación
da nova Filoloxía Galega*

Vol. 8 – 2023

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

UNIVERSIDADE DE VIGO

Cumieira : Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 8/Xosé A. Fernández Salgado (ed.). -- Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2023

132 p.; 24 cm

D.L. VG 648-2023

ISBN 978-84-8158-987-0

1. Filoloxía Galega. I. Fernández Salgado, Xosé Antonio, ed. lit. II. Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, ed.

© Departamento de Filoloxía Galega e Latina (Universidade de Vigo)

© Iría Domínguez Márquez, Simon Moll, Estefanía López Tanoira, Lucía Salceda García, Aranzazu Luna Díaz, Helena Domínguez García

© Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Revisión científica do volume 8:

Benigno Fernández Salgado (UVigo), Ana Iglesias Álvarez (UVigo), Antía Monteagudo Alonso (UVigo - CILR), Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo) e Xosé A. Fernández Salgado (UVigo)

Maquetación: Xosé A. Fernández Salgado

Deseño da portada: Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

Edición:

Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo
Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus das Lagoas-Marcosende - 36310 Vigo

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Dep. Legal: VG 648-2023

ISBN: 978-84-8158-987-0

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega aparece recollida na base de datos DIALNET, en BILEGA, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna), en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL.

Índice/*Index*

- 9** Limiar /
 Introduction
- 11** IRIA DOMÍNGUEZ MÁRQUEZ
 O emprego do artigo co posesivo con nomes de parentesco no galego contemporáneo /
 The use of the article with the possessive with names of kinship in the contemporary Galicians
- 41** SIMON MOLL
 Identidades, ideoloxías e actitudes lingüísticas dos neofalantes /
 Linguistic identities, ideologies and attitudes of new speakers of Galician
- 69** ESTEFANÍA LÓPEZ TANOIRA
 Monolingüismo en educación infantil: as linguas dos pais e o alumnado dun CEIP de Pontevedra /
 Monolingualism in early childhood education: The languages of parents and pupils in a Pontevedra Primary School
- 105** LUCÍA SALCEDA GARCÍA
 A figura literaria da bruxa como ferramenta de análise dos roles de xénero nas aulas /
 The literary figure of the witch as a tool for analyzing gender roles in the classroom
- 121** Recensións / *Reviews*

 Rivas, Fabio (2023): *A pintura debida*. Vigo Edicións Xerais,
 por ARANTXA LUNA DÍAZ.

 Luna, Aranzazu / Gonzalo Navaza (2022): *Toponimia do Val de Fragoso 8. Valadares*. Vigo: ANL / Universidade de Vigo,
 por HELENA DOMÍNGUEZ GARCÍA

- 127** Autoras e autores de *Cumieira*, vol. 8 /
Cumieira's *authors*
- 129** Normas para o envío de orixinais /
Manuscript submissions guidelines. Information for authors

MONOLINGÜISMO EN EDUCACIÓN INFANTIL: AS LINGUAS DOS PAIS E O ALUMNADO DUN CEIP DE PONTEVEDRA

*Monolingualism in early childhood education: The languages of
parents and pupils in a Pontevedra Primary School*

Estefanía López Tanoira

Universidade de Vigo
estelopeztanoira@gmail.com

DOI: <https://doi.org/10.35869/cumieira.v8.23.3>

Resumo: O desenvolvemento da expresión oral é fundamental no progreso da educación das crianzas. O marco da «ecoloxía lingüística» que se describe na primeira parte desta investigación establece o paradigma en que se vai levar a cabo a investigación-acción que nel se desenvolve. A segunda parte do traballo recolle a investigación propiamente dita, comezando pola metodoloxía e seguindo pola argumentación dos resultados obtidos e a discusión dos datos. O propósito último é dar conta da competencia bilingüe en galego e castelán dos pais e nais do CEIP de Parada-Campañó durante o curso escolar 2020-21 e do contraste co alumnado de 3 anos, o primeiro ano que asisten ao colexio. A conclusión principal é que as prácticas lingüísticas dos nenos da aula investigada só se desenvolven en castelán e que a lingua que se usa nas casas con eles determina a predominancia lingüística dos nenos e nenas na escola.

Palabras chave: competencia lingüística, bilingüismo, monolingüismo, ecoloxía lingüística.

Abstract: The development of oral expression is fundamental in the progress of children's education. The framework of "linguistic ecology" described in the first part of this study by reviewing the sociolinguistic concepts relevant to the study of languages in contact aims to establish the paradigm in which action-research will be carried out. The second part includes the research itself, starting with the methodology and continuing with the argumentation of the results obtained and the discussion of the data. The main purpose is to contrast the bilingual competence in Galician and Spanish of the parents of the CEIP of Parada-Campañó with the Spanish monolingualism of the 3-year-old pupils I taught during the 2020-21 school year. The main conclusion is that the linguistic practices of the first-year children in the classroom investigated are only developed in Spanish and that the Spanish language used at home with them determines the predominance of the children's language at school.

Keywords: linguistic competence, bilingualism, monolingualism, early, linguistic ecology.

CUMIEIRA. *Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*

Dpto. de Filoloxía Galega e Latina, Universidade de Vigo

Vol. 8, 2023, pp. 69-103, ISBN: 978-84-8158-987-0

1. Introducción¹

Na súa introdución ao estudo da comunicación, John Fiske (1999: 14-15) distingue dúas escolas principais, unha que ve a comunicación como «transmisión de mensaxes» á que denomina *procesual* e outra que entende a comunicación como «produción e troco de significados» e identifica cos estudos semióticos. O sistema de comunicación entre humanos por excelencia é a linguaxe. A ela e ás linguas en que se manifesta está dedicado este traballo. Para Sapir (2010), a linguaxe é un método exclusivamente humano e non instintivo de comunicarnos por medio dun sistema de símbolos producidos de maneira deliberada.

A adquisición da linguaxe é unha longa viaxe que comeza como potencilidade no útero materno e continúa ata a idade adulta, enfrontándonos así a un extenso conxunto de desafíos (Karmiloff/Karmiloff-Smith 2005). Un dos obxectivos dos docentes na Educación infantil é o de favorecer a adquisición da lingua ou linguas establecidas no currículo escolar por medio de diferentes técnicas de comprensión, memorización, expresión e comunicación. Polo tanto, hai que prestarlle especial atención ao desenvolvemento da linguaxe oral, o medio máis elemental da comunicación verbal.

Unha vez adquirida a linguaxe, dáse paso á capacidade lingüística. A competencia lingüística é a capacidade innata que ten todo ser humano de poder falar e crear mensaxes que nunca antes escoitara. Esta competencia céntrase en operacións gramaticais que ten interiorizadas o individuo e que se activan segundo desenvolva a súa capacidade coloquial. É dicir, a linguaxe nace dende dentro do individuo, como quere Chomsky (1965), pero só se activa dende o «social», dende a familia como núcleo primario co que primeiramente se relaciona e dende a comunidade coa que socializa. O equipo docente, nos primeiros anos de ensino, ten que desenvolver esta competencia no alumnado a través da fala para que se familiarice coa gramática implícita en todo input lingüístico e aprenda novo vocabulario.

¹ Á miña familia, en especial aos meus pais, e ás miñas amigas por darme ás para conseguir os meus sonhos e por ensinarme a confiar en min mesma. Grazas tamén a Benigno Fernández Salgado, xa que esta investigación ten a súa orixe no Traballo de Fin de Grao de Educación infantil (Universidade de Vigo), defendido en xuño de 2021 baixo a súa dirección, polo que quería agradecerlle aquí o constante e necesario ánimo e axuda. Grazas tamén ás familias, alumnado e profesorado do CEIP Parada de Campañó, onde me sinto tan querida, por brindarme a súa axuda en cada momento. E, para rematar, o meu agradecemento ás persoas que conforman *Cumieira*, por contar comigo para esta publicación.

2. Marco teórico

O sociolingüista francés Louis-Jean Calvet é probablemente o autor máis traducido ao galego no ámbito da socioloxía da lingua. Nunha das súas divulgativas introducións afirmaba que «aínda que para un lingüista todas as linguas son iguais, o certo é que as linguas no mundo son profundamente desiguais» (2004: 12) e que, contrariamente ao que algúns cren, «as linguas non son unha invención dos lingüistas, existen nas cabezas dos falantes» (ibíd.: 15). Se aceptamos isto deberíamos entendelas como constituíntes da nosa humanidade, á vez expresión da nosa competencia individual e símbolo privilexiado de poder social.

O marco teórico no que este traballo pretende inscribirse é o da ecoloxía lingüística, ás veces tamén denominada «ecolingüística», no sentido descrito por Mühlhäusler (1994: 17):

O mecanismo redutor que se está a dar no universo lingüístico non é moi diferente do que tende ao empobrecemento da diversidade biolóxica sobre o noso planeta. Un e outro son obra de persoas animadas polas mellores intencións —reducir o custo da comunicación e alimentar unha poboación mundial cada vez máis numerosa— pero que, por desgraza, teñen unha idea moi vaga da natureza e das funcións da diversidade².

2.1. Ecoloxía lingüística

Foi o lingüista americano de orixe norueguesa Einar Haugen o primeiro en empregar o sintagma «ecoloxía da lingua» («language ecology») nunha conferencia de 1970 para facer referencia ás similitudes que poden establecerse entre as interaccións entre linguas e as interaccións que manteñen diferentes especies de plantas e animais nun mesmo contorno. En «The ecology of language» escribe:

A ecoloxía da lingua pode ser definida como o estudo das interaccións entre unha lingua dada e o seu medio ambiente[...]. O verdadeiro medio ambiente dunha lingua é a sociedade que a usa como un dos seus códigos. Parte desta ecoloxía é por tanto psicolóxica. [...] Outra parte é sociolóxica. [...] A ecoloxía dunha lingua está determinada primeiramente pola xente que a aprende, que a usa e que a transmite a outros. (Haugen, 1972: 325)

² Todas as traducións de textos doutras linguas, xeralmente inglés e español, son da miña responsabilidade.

Anos máis tarde, Louis-Jean Calvet (2004) recollería para os seus propios propósitos esta mesma definición de «ecoloxía da lingua» como «estudo das interaccións entre unha lingua dada e o seu medio ambiente» (2004: 18). O medio ambiente na metáfora ecolóxica é a sociedade que emprega a lingua de modo que a ecoloxía dunha lingua estaría en función das súas interaccións coas outras linguas e coa sociedade en que é usada. Haugen (1972) consideraba que o concepto de lingua como estrutura ríxida e monolítica era erróneo e debería entenderse en conexión co resto dos elementos psicolóxicos e sociais (a lingua na mente e na comunidade), políticos (a lingua nas ideoloxías que a sustentan) e históricos do sistema (a lingua e as realidades humanas e ambientais do pasado).

Estudar a ecoloxía das linguas implica diferentes niveis de análise. O nivel superior refírese á organización mundial das relacións entre as linguas. Nun ecosistema lingüístico, as linguas presentes manteñen relacións que determinan para cada unha delas un *nicho ecolóxico*, sendo *nicho* as relacións dunha lingua co resto delas, a posición que ocupan no ecosistema, as súas funcións e as súas relacións co medio, formando así un *ecosistema lingüístico* no que as linguas se multiplican, medran e se interrelacionan co *medio*. Polo tanto, as linguas están sometidas a unha serie de estímulos exteriores aos que se adaptan.

En ecoloxía fálase de «valencia dunha especie» ('capacidade para poboar') segundo sexa baixa ou elevada e dependa dos *efectos limitadores* que son propicios para a supervivencia ou non dunha lingua. Polo tanto, debe considerarse o conxunto dos factores intervinientes, e a taxa de transmisión dunha lingua é moi importante para o seu ecosistema (Calvet 2004).

Dende este punto de vista, a ecoloxía das linguas permítenos predicir tendencias das linguas de gran difusión (inglés, francés ou español) a tomar formas diferentes e tendencias das linguas menos favorecidas socialmente a reducirse, deixar de reproducirse e en ocasións a desaparecer. Neste sentido, unha lingua estandarizada, oficial e centralizada, resistirá mellor un aumento de falantes que unha lingua menos oficial ou centralizada. E á inversa, unha lingua popular, sen normas e sen sustento legal dificilmente resistirá a confrontación coa lingua do poder. Mesmamente, outro factor que pode corrixir os efectos da lingua que teñen as funcións dominantes é a idea que os falantes fan das linguas, o que Calvet chama *representacións*.

Nun *ecosistema lingüístico*, os falantes das linguas *periféricas* poden ter comportamentos de rexeitamento por ideas preconcebidas, ideoloxías, etc. contra as súas propias linguas e de aceptación da lingua central máis falada. Pola contra, unha lingua pouco falada, pero que os falantes consideran que deben manter e contra a que non existen serios prexuízos, pode chegar a sobrevivir (Calvet 2004).

Dos conceptos que unha abordaxe ecolingüística precisa adoptar da Socioloxía da lingua e da Sociolingüística quixera traer aquí os que se manexarán neste traballo. Son os seguintes:

- *Lingua oficial*. É a lingua á que se dá un status especial nun país a través da lexislación. Non se refire á lingua utilizada polas persoas ou o país, senón polo seu goberno e servizos públicos (Pool 1991). Por *lingua cooficial* debe entenderse a lingua que é oficial xunto con outras linguas nun mesmo territorio.
- *Lingua minoritaria*. É a lingua que é empregada por un pequeno número de falantes. O concepto de lingua minoritaria refírese á demografía relativa dun idioma, ás dimensións dunha comunidade lingüística. Aplícase, pois, á lingua dunha comunidade lingüística pequena, en termos xerais ou rexionalmente. O concepto oposto é o de *lingua maioritaria*, a lingua empregada pola maioría dos habitantes dun territorio.
- *Lingua minorizada*. É un termo sociolingüístico que fai referencia a calquera lingua que, compartindo espazo xeográfico con outra ou outras, ten os seus usos restrinxidos por razóns políticas ou de discriminación. Na Wikipedia galega explícase: «É aquela que, sendo historicamente propia dun pobo, ve restrinxidas as súas funcións de uso».
- *Bilingüismo*. Refire o uso de dúas ou máis linguas por unha persoa ou por un grupo de persoas nunha comunidade, rexión ou país en que se falan dúas linguas nun nivel de igualdade. Posto que nos diriximos a sociedades multiculturais e plurilingües é razoable pensar que no futuro, se non o é xa agora, o bilingüismo sexa a norma antes que a excepción (Siguán 2001). Se o bilingüismo pode ser entendido como un concepto gradual, o *monolingüismo* faría referencia idealmente á situación dun país ou comunidade na que só se empregase un idioma ou ao uso dunha única lingua por individuo.
- *Semilingüismo*. É o uso de dúas linguas sen a suficiente competencia lingüística en polo menos unha delas. Na entrada *multilingualism* da Wikipedia explícase así: «Hai tamén un fenómeno coñecido como *semilingüismo* ou *bilingüismo distractivo*. Cando a adquisición da primeira lingua se detén ou o input lingüístico da segunda lingua non é suficiente ou é pouco estruturado, como ás veces acontece no caso de nenos inmigrantes, o falante pode acabar coas dúas linguas por debaixo dos estándares dos monolingües». Aínda que para Cummins (1994) o concepto foi usado para explicar o bilingüismo limitado de moitos estudantes de segundas linguas, as teorías do *déficit lingüístico* (a *threshold hypothesis*) teñen sido cuestionadas

con fundamentos sólidos, acusadas por algúns investigadores de se igualaren ás clásicas teorías do prescritivismo lingüístico e de seren prexudiciais para as linguas minorizadas (MacSwam 2001).

- *Diglosia*. Para concluír esta lista, aínda que equivalente no sentido etimolóxico a bilingüismo, estaría o concepto de *diglosia*, que na literatura sociolingüística denota a situación dun individuo ou comunidade que utiliza dúas linguas, cando unha delas, polo xeral a lingua inicial, é considerada inferior á outra, e a lingua con máis prestixio se reserva para as relacións sociais máis elevadas ou formalizadas. O termo, como se sabe, foi orixinariamente utilizado por Charles Fergusson (1959) para definir as variedades funcionais alta e baixa dunha mesma lingua histórica exemplificada nos casos aparentemente estables do árabe clásico e exipcio e alemán e suízo alemán.

Segundo a revista *Ethnologue*, impulsada polo prestixioso SIL Internacional, no mundo hai 7139 linguas que se falan na actualidade e delas, 3018 estarían en perigo de extinción. Esta institución líder na lingüística de campo, cuxo principal cometido é estudar, documentar e axudar a desenvolver as linguas do mundo, ofrece os datos máis fiables da situación lingüística a nivel global. Na súa clasificación das linguas por número de falantes, as dez linguas máis faladas no ano 2021 serían: inglés, chinés mandarín, hindú, español, árabe estándar, bengalí, francés, ruso, portugués e urdu. Se falamos do galego, a mesma revista citada catalogaba a nosa lingua, no ano 2013, no posto número 158 con 3.221.000 falantes. A xulgar por estes datos, o galego estaría nunha posición privilexiada.

Botando man de datos máis próximos, segundo o IGE (Instituto Galego de Estatística), as linguas que se falan no territorio galego (castelán e galego, para o ano 2018) quedarían distribuídas do seguinte xeito segundo o número de falantes: en galego sempre (30,33 % e 778.670 falantes), máis galego ca castelán (21,55 % e 553.338 falantes), máis castelán ca galego (23,14 % e 593.997 falantes), en castelán sempre (24,21 % e 621.474 falantes) e outras linguas (0,77 % e 19.866 falantes). Nunha lectura inicial destes datos podería dicirse que as dúas linguas estarían nun empate técnico (51,88 % galego e 47,35 % castelán).

Desde *Linguistique et colonialisme* (1979), Louis-Jean Calvet dedicou unha parte importante da súa investigación ao que el denominou «glotofaxia» e outros lingüistas describen como «lingüicidio» e «xenocidio lingüístico», o proceso político, social e cultural polo que a lingua dunha determinada cultura desaparece parcial ou totalmente, vítima da influencia doutra cultura. No seu libro *Por unha ecoloxía das linguas do mundo* explica así a diversidade e variedade das linguas e dos factores que as caracterizan:

Non todas as linguas que coexisten neste mundo tan plurilingüe teñen as mesmas funcións, como tampouco teñen o mesmo papel nin a mesma extensión. Algunhas só se falan en grupos reducidos e outras, menos numerosas, son faladas por centos de millóns de falantes. Así mesmo, non serven exactamente para as mesmas cousas, non vehiculan os mesmos contidos e non regulan as mesmas relacións sociais (Calvet 2004: 9).

Entón, como avaliamos a importancia relativa das linguas, a súa vitalidade ou o seu risco de desaparición? Ademais do traballo de campo para documentar o conxunto das linguas humanas, os lingüistas, tentaron elaborar clasificacións de distintos niveis de perigosidade. Kraus (1992: 4) alude a catro nocións principais: *linguas seguras*, *linguas en perigo*, *linguas moribundas* e *linguas extintas*. Varias outras foron ensaiadas atendendo á viabilidade ou resistencia coma a de Kincade e Bauman ou á potencialidade do risco (Wurm 1988). A Escala Ampliada e Graduada de Disrupción Interxeracional (EGIDS), de Lewis e Simon (2010), mide o estado dun idioma en termos de desenvolvemento e perigo (Crystal 2003: 47-50).

David Crystal, na súa obra *Language Death* (2000) (traducido como *A morte das linguas. Razóns para a sobrevivencia* 2003), afirma que cada ano morren entre 25 e 30 linguas no mundo. No «Limiar» á versión galega, o prologuista alerta aos lectores galegos: «A morte dunha lingua é sen dúbida unha catástrofe inconmensurable para toda a humanidade. A morte do galego —segura se non facemos nada para impedila— será unha gran traxedia» (Fernández Salgado 2003: 15-16). Pero que debemos entender pola «morte do galego»? Morren as linguas? Que é a morte dunha lingua? A Filoloxía teno claro. É a situación que se dá cando unha lingua perde o seu último falante nativo. Dito de maneira simple: unha lingua deixa de existir cando non queda ninguén que a fale. Fernández Salgado (2003: 11-13) agrega que antes de que iso chegue aparecen unha serie de síntomas lingüísticos e socioculturais que xeralmente acompañan o que se coñece como procesos de minorización e obsolescencia lingüística (adopción indiscriminada de préstamos, simplificación da fonética, hipocorrección nos falantes máis novos, abandono dos nomes tradicionais, cambios de código, semilingüismo próximo ao monolingüismo etc.).

Miguel Moreira, no seu libro *Contra a morte das linguas. O caso do galego* (2014), sinala dúas causas para a morte das linguas: a morte do conxunto de falantes dunha lingua e a substitución da lingua propia por outra allea. As motivacións reais que provocan a morte destas remiten sempre aos intereses dos grupos máis poderosos, que ven nas nacións das linguas minorizadas novos territorios para a conquista lingüística e económica, sen consideraren as realidades sociais, culturais ou lingüísticas (Moreira 2014: 58). Os niveis de perigo das linguas dependen de

factores coma o índice de adquisición da lingua por parte das crianzas, a actitude da comunidade no seu conxunto ou o nivel de impacto doutras linguas.

Por outra banda, Mari Rhydwen (1998), explica así a morte dunha lingua: «a perda dunha lingua non é a perda dun concepto nin é unha abstracción, senón máis ben o que lles acontece ás persoas cando cambian de actitude e deixan de transmitir a súa lingua dunhas xeracións a outras».

Para contrarrestar a redución da diversidade lingüística, como afirma David Crystal (2003) «é urxente un movemento social para evitar a extinción dos idiomas e unha ecoloxía das linguas». Ese movemento en favor das linguas debería considerar os condicionantes que o lingüista destaca na súa monografía. Segundo David Crystal (2003): unha lingua en perigo progresará (i) se os seus falantes aumentan o seu prestixio dentro da comunidade dominante, (ii) se os seus falantes aumentan o seu benestar en relación coa comunidade dominante, (iii) se os seus falantes aumentan o seu poder lexítimo ós ollos da comunidade dominante, (iv) se os seus falantes teñen unha representación forte dentro do sistema educativo, (v) se os seus falantes saben escribila e (vi) se os seus falantes saben como usar a tecnoloxía electrónica.

En consoancia co que se defende n'*A morte das linguas* de David Crystal (2003), necesitaríamos unha diversidade análoga á biolóxica aplicada á linguaxe. Necesitaríamos manter, para o benestar individual e da comunidade, a diversidade lingüística hoxe ameazada no mundo e entre nós porque as linguas son identidade, son cultura, son historia, contribúen á suma do coñecemento humano e son interesantes de seu.

En conclusión, coñecemos co nome de *resiliencia* a capacidade de asumir con facilidade situacións conflitivas e sobreporse a elas. Isto pódese aplicar á lingua galega, que leva resistindo ao longo do tempo como lingua minorizada. Mais, para que o galego consiga reporse completamente desta situación límite, cómpre desenvolver unha política lingüística verdadeiramente efectiva (Sanmartín Rei 2009a: 52).

2.2 Ecoloxía lingüística do galego: adquisición e mantemento

Piñeiro Permy, conselleiro de Educación da Xunta de Galicia con Manuel Fraga como presidente de 1990 a 1996, defendía nestes termos a normalización do galego en 1989:

Unha das obrigas que ten a Xunta de Galicia cos cidadáns galegos é a de promover iniciativas que axuden a facer realidade a plena normalización do galego. Neste labor, non abonda con leis, aínda que son necesarias, nin coa vontade dos políticos, senón que son esencialmente necesarias a vontade dos profesores que ensinan as linguas e toman actitudes ante elas e llelas transmiten ao seu alumnado, e maila vontade das forzas sociais que conxuntamente deben defender con máis ardor o que as une que o que as separa. Trátase de defender unha lingua. (Juan Piñeiro Permuy 1989: 9)

Os seguintes conselleiros Celso Currás (1996–2005) e Laura Sánchez Piñón (2005–2009) continuaron a política de galeguización moderada do Goberno Fraga. Vinte anos despois deste texto, cun novo presidente tamén do Partido Popular, Alberto Núñez Feijóo, e cun novo Conselleiro de Educación, Xesús Vázquez Abad (2009–2015), romperase de maneira definitiva un proceso en alza que conseguira, sen imposicións, que a metade das materias do currículo escolar ata o Bacharelato se impartisen en galego. A consellería de Vázquez, a través do novo Secretario Xeral de Política Lingüística, un lingüista supostamente favorable á normalización, deseñou e promulgou un novo decreto no que restrinxía por lei o uso do galego na educación non universitaria, coas materias de Matemáticas e Ciencias en español e as de Humanidades en galego.

As novas limitacións baixo a eufemística denominación de Decreto de Plurilingüismo, entraron en vigor no 2010. O responsable da implantación do mesmo foi Anxo Lorenzo, secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia por aquel entón (2009–2012). Os efectos prácticos non tardaron en facerse notar. Descendeu o uso do galego no ensino, o español foi ocupando as materias previstas (non sen protestas multitudinarias) e o ensino do 33 % de inglés non se implementou de maneira obrigatoria. A mensaxe para a sociedade foi clara: as xeracións máis novas non precisan de educación e cultura en galego.

A situación do galego na infancia é tan grave que o actual presidente da Real Academia Galega (RAG), Víctor Freixanes, durante a celebración do ano Carvalho Calero, reivindicou de maneira directa e sen rodeos diante do presidente da Xunta que «o uso da nosa lingua ten que estar presente en todos os ámbitos, tamén nos educativos e en todas as materias, sen excepcións, pensando nas novas xeracións» (Europa Press 2020).

De feito, a RAG elaborou un estudo para avaliar a competencia bilingüe dirixido a 600 estudantes galegos no curso 2018–2019, que revelou que un 40 % do alumnado de Galicia remata a ESO sen saber falar o galego con fluidez; dato bastante alarmante e oposto ao que o actual conselleiro de Educación, Román Rodríguez, asegurou o pasado febreiro. Este afirmou que a actual xeración é a mellor formada

en galego da historia e que o galego está en igualdade co castelán nas aulas. O estudo consistiu nunha análise das destrezas de producións orais e escritas, e tamén aborda o coñecemento e emprego da lingua entre a mocidade. Deu como resultado que case o 70 % dos estudantes teñen o castelán como lingua de uso maioritario, quedando así o galego como lingua de uso maioritario no 30 % dos estudantes. Este estudo volve poñer de relevo a situación de «desequilibrio» de galego e castelán na aulas.

En Europa, a preocupación pola diversidade cultural e lingüística manifestouse xa nos anos cincuenta a través do Consello de Europa. A principios dos oitenta comezou unha longa pescuda sobre a situación das linguas minorizadas, que desembocou na presentación por parte do Comité de Ministros do Consello de Europa da *Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias* en 1992, texto que foi aprobado polos países membros a partir do 2 de outubro dese mesmo ano. É o primeiro documento xurídico e político importante que implica practicamente a toda Europa («Galego: lingua propia de Galicia» 1998).

A carta comeza por testemuñar a existencia da pluralidade lingüística europea como unha enorme riqueza cultural. Así mesmo reconece que estas linguas (entre elas o galego) viven unha situación complexa e declara que é responsabilidade dos poderes públicos defenderen a posición dos idiomas minoritarios. Expresa explicitamente que para a promoción e a salvagarda das devanditas linguas é vital o seu uso, tanto na vida social e económica, e concreta a necesidade da presenza das linguas no Ensino, sobre todo no primario, na Administración e na Xustiza para acabar coa discriminación lingüística.

A Comunidade Europea ten desenvolvido varias vías de axudas financeiras para o desenvolvemento de actividades que promovan o avance das linguas minorizadas. Unha porcentaxe destas partidas destinouse ao proxecto Mercator, que naceu para dar resposta á importante demanda de información sobre as linguas minorizadas en Europa. Neste mesmo contexto, o denominado Bureau Européen pour les Langues Moins Répandues, en asociación co Consello de Europa e coa Comisión Europea, ten como obxectivo protexer e promover as linguas autóctonas europeas menos estendidas e as súas respectivas culturas. Debemos destacar que dende finais do ano 1997, dentro do plano de promoción das linguas minorizadas, o galego é considerado lingua de traballo da Unión Europea («Galego: lingua propia de Galicia» 1998).

A consideración igualitaria de todas as linguas da Unión propiciou a integración do galego no programa educativo «Sócrates», que favoreceu a mobilidade e os intercambios dos estudantes nestas linguas. O proceso de normalización lingüística do galego non é alleo ao que está ocorrendo no resto de Europa. A nivel local,

complexos programas de normalización lingüística están sendo implantadas en moitas zonas do continente. Estas iniciativas abranguen diferentes ámbitos: o ensino, puntal clave para a promoción do uso da lingua; os medios de comunicación, decisivos no resultado final destes proxectos; e a Administración, espello lexitimado do uso do idioma ante os falantes.

A promulgación do Estatuto de Autonomía de Galicia en 1981 instituíu no galego como lingua propia de Galicia «que todos teñen o dereito de coñecer e usar», conferíndolles ós poderes públicos a responsabilidade de velaren pola normalización do galego en todas as áreas. A Lei de Normalización Lingüística, aprobada no Parlamento o 15 de xuño de 1983, desenvolveu o mandato estatutario e regula os dereitos dos cidadáns a empregar o galego, incidindo na Administración, no ensino e nos medios de comunicación. Posteriormente á promulgación da Lei, fóronse aprobando ordes e decretos que viñeron completar o marco legal e asegurar a recuperación do seu uso na Administración Local, de Xustiza, Militar, etc.

Na actualidade as consecuencias da aprobación do Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia xa se fixeron notar, como se acaba de ver no recente libro de Loredó/Silva (2021). O chamado Decreto Feijóo supuxo, sen dúbida, unha viravolta na orientación da nosa educación lingüística, estragando o consenso e a progresividade da utilización do galego, respectada en todos os decretos que ata entón desenvolvera a Lei de Normalización Lingüística. O decreto, ademais de expulsar o galego das aulas dos centros de educación infantil, erradicou o ensino en galego das Matemáticas e das Ciencias experimentais dos colexios e institutos ao tempo que introducía a lingua estranxeira, inglés, como instrumento de ensino e aprendizaxe de materias non lingüísticas.

Unha década despois, como xa os críticos á política lingüística de Feijóo alertaran, e agora os datos dos expertos confirman, o proceso de substitución do galego polo castelán como lingua inicial acelerouse á par da redución do uso do galego no sistema educativo, na vida económica e social e medios de comunicación. En palabras de Manuel Bragado (2020), «nunha situación crítica para o galego, non é doado reorientar a deriva da educación plurilingüe en Galicia». Para o presidente Feijóo, o castelán é a lingua importante e o inglés a lingua franca, quedando o galego no espazo privado das persoas maiores. É neste contexto sociopolítico e educativo cando ten máis sentido ca nunca describir o uso das linguas na poboación escolar máis nova e nos seus proxenitores e documentar a súa competencia bilingüe.

2.3 Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG)

A lingua non só é un medio de comunicación, un sinal cifrado que os homes e as mulleres utilizamos para entendernos, senón o distintivo da identidade máis elemental dun pobo e dunha cultura. Somos galegos, en parte, porque temos unha lingua que nos diferencia dos falantes doutras comunidades lingüísticas e temos unha cultura que, ao expresarse en lingua galega, incorpora un xenuíno trazo do singularidade. O galego é o máis claro marcador da nosa personalidade colectiva e o noso ben cultural máis prezado. Un tesouro que debemos preservar. (Piñeiro 2006 *apud* prólogo PXNLG: IX)

A Lei de Normalización Lingüística foi aprobada por unanimidade no ano 1983 e é o marco legal de referencia para a política lingüística de Galicia. Segundo as palabras de Manuel Fraga (1998) incluídas nun folleto de celebración aos 15 anos da súa promulgación, o Goberno Galego de comezos do novo milenio por el presidido, seguía asumindo as responsabilidades de implementala: «o Estatuto de Autonomía e a Lei de Normalización Lingüística atribúenlle ao Goberno Galego a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega» (p. 5).

Conseguir este obxectivo non era fácil naquel momento nin o é hoxe. Non é algo que se poida facer en pouco tempo: precisa de vontade e constancia, dun certo plan con obxectivos concretos e de recursos para levalo a cabo. É necesario, como se di no preámbulo da Lei de Normalización, un esforzo construtivo encamiñado á plena recuperación da nosa personalidade colectiva e da súa potencialidade creadora.

Como esta Lei carecía do acompañamento dun programa de accións orientado a facer realidade os seus preceptos, co PP no goberno da Xunta, deseñouse e púxose en marcha o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG). O PXNLG foi aprobado o 21 de setembro do 2004 por todas as forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia. O Pleno da Cámara, por unanimidade do total de 55 deputados e deputadas, acordou coa Xunta a súa implementación inmediata. Partía duns diagnósticos realistas como que algúns galegos non percibían a lingua como un elemento central da súa identidade ou que tamén se corría o risco de que a lingua se puidese empregar como un instrumento de confrontación política.

Ao ano seguinte (2005) coa alianza do PSdeG-BNG empézanse a facer efectivas as medidas concretas da planificación aprobada co novo goberno do chamado Bipartito presidido polo socialista Pérez Touriño. Na edición impresa do PXNLG (2006: prólogo), o novo presidente da Xunta (Pérez Touriño) afirma:

A lingua non debe ser bandeira de ninguén, porque ninguén pode dicir que lle pertenza en exclusiva. A lingua é de todos. Na responsabilidade de imprimirlle o pulo necesario para que o galego teña presenza en todos os ámbitos da vida, son os galegos os que se deben implicar. O futuro da lingua de Rosalía está no compromiso dos seus fillos e fillas. E ese, é un futuro e un compromiso que o Goberno quere compartir con toda a sociedade.

Marisol López Martínez (2006), secretaria xeral de Política Lingüística por aquel entón, fai igualmente fincapé en que «o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega viu a luz nun clima de consenso que reflectía o desexo dos galegos por facer o galego a causa de todos»(PXNLG: XIII).

O PXNLG recolle catrocentas corenta e cinco medidas concretas para favorecer o uso do idioma nos diferentes ámbitos da sociedade e garantir que calquera cidadán poida vivir plenamente en galego. Establece unha serie de obxectivos, medidas e liñas estratéxicas que se deberían seguir co fin de que o galego se puidese usar e desfrutar na vida diaria da sociedade. A introdución do galego no ensino, na sanidade, nos medios de comunicación, no Parlamento, na Administración, no DOG, etc. estaba facendo que o galego volveuse ao interior das familias.

A idea era que o galego fose a lingua de uso normal e preferente en Galicia, sen prexuízo de que todos coñecésemos ben o castelán, lingua á que non se pretendía renunciar porque tamén era nosa. O PXNLG non tiña o obxectivo de desprazar ningunha lingua, nin impedir que os galegos aprendésemos outros idiomas, senón que calquera poida vivir plenamente en galego en Galicia, tal e como recoñecen a Constitución e o Estatuto de Autonomía, que garanten a cooficialidade do galego e do castelán no territorio galego.

O deseño do PXNLG ten lugar no ambiente de recuperación da lingua emprendida timidamente ao final da Ditadura coa Autonomía e a consolidación das institucións autonómicas. Na segunda metade do século XX, en pleno Franquismo, producírase unha migración interior importante co abandono do campo e o crecemento das cidades e vilas galegas. Simultaneamente, chegaran a radio e a TV exclusivamente en español á intimidade familiar. A situación era incerta para o galego pero, coa fin da Ditadura e o desenvolvemento da Autonomía, a sociedade civil galega comeza a reaccionar, reactivándose un novo sentimento de orgullo, que confronta vellos complexos. De feito, contra finais do século pasado, o galego xa non era só unha lingua rural, doméstica e informal, introducírase nas aulas, na Administración, na vida cotiá e no Parlamento; desenvolvíase con certo éxito nos medios de comunicación públicos dependentes da Xunta e era a lingua de preferencia nas producións poéticas, teatrais, etc. creadas por galegos. Á altura do 2004, unha parte importante das elites galegas eran favorables ao desenvolvemento do galego.

Segundo os números e estatísticas que o PXNLG inclúe, por aquel entón, o galego era en Galicia unha lingua viva e maioritaria. Non parecía que se puidese falar en serio da posibilidade de morte da lingua galega, xa que se falaba maioritariamente, estaba aberta ao mundo moderno, a un mundo globalizado e transnacional, e integrada na sociedade da comunicación e información. A fortaleza do galego era sorprendente. No caso do uso do galego nas crianzas, cando comeza o novo milenio, o galego mantíñase no rural, era frecuente nas vilas e retiña unha minoría fiel de proxenitores nas cidades. De feito, é neste momento cando os datos detectan un descenso de galegofalantes nas cidades.

É neste contexto onde toma forma e sentido o PXNLG. Este pretendía ser á vez ambicioso pero realista. Na súa elaboración participaron máis de setenta persoas representativas dos principais ámbitos sociais de Galicia. O proceso foi voluntario, aberto, participativo e meditado. O modelo elixido para o PXNLG foi o dun plan por obxectivos. Establecéronse cinco grandes obxectivos con dous grandes bloques de actuación, os denominados sectores transversais e sectores verticais. Os primeiros carecen de medidas de actuación propias e logran os seus obxectivos por medio da súa proxección cara ás medidas de actuación deseñadas para cada un dos sectores horizontais e, os segundos, son sete e correspóndense con outros tantos ámbitos sociais sobre os que se pretende actuar. Asemade, os sectores subdividíronse en áreas e para cada área, definíronse os propios obxectivos.

Inicialmente, fíxose un diagnóstico de cada área para detectar os puntos débiles e establecer os obxectivos específicos correctores. Asemade, ditas medidas aparecen individualizadas por medio de indicadores numéricos, nos que o primeiro e segundo dígito indican, respectivamente, o sector e a área á que pertencen, e o terceiro, o número correlativo da medida dentro da correspondente área. A metodoloxía seguida para a redacción de directrices estratéxicas foi a mesma que a adoptada para a redacción das medidas de actuación, só que neste caso derivan dos puntos fortes.

Sen ser o propósito deste traballo analizar a estrutura do PXNLG nin discutir criticamente os obxectivos xerais do mesmo, considero importante listar os cinco fundamentais co fin de actualizar a súa pertinencia 15 anos máis tarde. As intencións do PXNLG fan neste sentido: (i) garantir a posibilidade de vivir en galego, co amparo da lei e das institucións, (ii) conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, (iii) introducir na sociedade a oferta positiva de atender o cidadán en galego como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística, (iv) promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfarelase prexuízos, reforzase a súa estima e aumentase a súa demanda e (v) dotar ao galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios para vehicular a vida moderna.

Interesa tamén da estrutura deste PXNL todo o que concirne ao sector (vertical) 2 de Educación, familia e mocidade, abordado baixo catro aspectos: (i) Ensino, (ii) Formación de adultos, (iii) Transmisión familiar e (iv) Mocidade. É curioso que hai 15 anos o centro de atención especial estivese na mocidade e non se mencionase de maneira tácita a infancia como lugar privilexiado. De feito os dous obxectivos perseguidos nesta área de actuación do PXNLG sintetízanse de maneira expresa nesta dualidade:

- Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo.
- Fomentar a transmisión da lingua galega no ámbito familiar.

2.4 Educación, familia e mocidade no PXNLG

Do que acabamos de referir inferiríase a nosa actitude favorable a intervir no futuro do idioma a través da planificación. Cremos que é urxente promover unha acción social a prol do seu coñecemento, revalorización e uso en todos os ámbitos, implicando así a todos os sectores sociais, xa que é primordial aumentar dende todos os ámbitos a cantidade e calidade dos alimentadores básicos do idioma: motivación, percepción e uso activo deste. Polo tanto, no que a nós respecta, o ensino adquire un papel fundamental.

Os prexuízos sobre o galego son froito do descoñecemento e da marxinación histórica na que se moveu esta lingua. Cómpre desmontalos usando todo o dispositivo legal e institucional e a información e argumentación científica. É nesta filosofía na que se inscribe este traballo. Cómpre ter unha boa armazón argumental para desfacer posibles reticencias sociais, falacias e demagoxias que poidan ter chamado na poboación nos últimos 10 anos, e é preciso partir do coñecemento real da actual situación lingüística e social do galego, comezando polo que é a idade máis temperá e decisiva na adquisición das linguas.

3. Metodoloxía

Este traballo de investigación naceu a raíz das miñas inquedanzas tras observar a pouca presenza oral que ten o galego nas crianzas que me rodean, xa sexa de xeito persoal ou profesional. De feito, o propósito inicial desta investigación era avaliar a competencia lingüística en galego e castelán das crianzas ás que eu impartía clase. A fonte inicial de inspiración fora o libro de García Soto *Era unha vez un neno...* (1996)

no que o psicolingüista pretende saber canto ben contan as historias en galego os 84 suxeitos (14 adultos e 70 nenos galegofalantes) a partir das narracións feitas e recollidas sobre un conto con viñetas e sen texto.

A simple consciencia de que os nenos se expresaban unicamente en castelán fíxome considerar a posibilidade de elaborar un cuestionario co fin de coñecer a situación sociolingüística das familias.

3.1. Obxectivos e fases

O obxectivo prioritario deste traballo está centrado en avaliar a competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán na aula de 4º de Educación infantil do CEIP de Parada-Campaño.

A consecución deste obxectivo esixe, á súa vez, alcanzar os seguintes obxectivos secundarios:

1. Establecer un marco teórico apropiado para entender as linguas e as relacións entre elas. O marco ecolóxico e a visión holística presentados pretenden favorecer a sobrevivencia do galego.
2. Familiarizarse cos suxeitos investigados de modo que se poida observar e examinar as competencias nos idiomas galego e castelán da aula e ter acceso ás súas familias.
3. Asumir a estratexia da «investigación-acción» para levar a cabo os obxectivos fixados e poder mellorar no futuro o traballo como mestra de linguas nunha comunidade que queremos bilingüe.
4. Extraer discusións e conclusións alusivas ao proceso de execución do traballo e dos resultados obtidos.

Para alcanzar os obxectivos marcados, este traballo foi elaborado a partir das seguintes etapas:

- FASE 1. Despois de fixar o epicentro de estudo e o tipo de investigación que se desexaba levar a cabo, iniciouse a busca de información, en relación con esta investigación, que se mencionan no marco teórico e que constituíu a base bibliográfica en que se asenta o estudo.
- FASE 2. Despois de recoller e analizar o marco teórico, considerouse que a metodoloxía máis axeitada era unha investigación de tipo mixto na que se combinasen aspectos cuantitativos e cualitativos relacionados coas linguas das crianzas investigadas. Pensouse que as enquisas sociolingüísticas,

dirixidas ás familias, como estratexia inicial da investigación poderían axudar a entender os resultados da avaliación lingüística dos nenos estudados. Neste sentido, as enquisas servirían de referencia para a investigación-acción prevista a través das gravacións lingüísticas rexistradas. A finalidade última desta focaxe mixta sería poder programar no futuro unha intervención adecuada no ensino das linguas previstas no currículo.

- FASE 3. Descrición da dupla investigación levada a cabo.
- FASE 4. Análise dos resultados e discusión dos aspectos relevantes e problemáticos das dúas pesquisas.

3.2. Estratexias de investigación

Unha investigación «é un proceso de estudo no que se pretende ampliar os coñecementos de algo dun xeito técnico ou científico», di Fernández Salgado (2002: 10) no seu *Técnicas e métodos de investigación lingüística*. Saber sobre o que sabe o alumnado dun CEIP galego das dúas linguas que están aprendendo foi sen dúbida o obxectivo que en ningún momento perdemos de vista mentres se desenvolveu a pesquisa.

Os dous ámbitos da Lingüística en que en principio o traballo se ía centrar eran o da Adquisición e desenvolvemento da primeira e segunda lingua e o da Análise da conversa, neste caso coas crianzas. Das miñas interaccións con elas e da comprobación da ausencia do galego das súas vidas xurdiu a imperiosa necesidade de querer saber máis do seu *background* familiar. A abordaxe principalmente sociolingüística que se asumiu neste traballo para combinar coa avaliación das competencias lingüísticas desembocaría na elaboración do cuestionario ás familias que foi compartido cos pais e nais dos meniños a modo de enquisa.

En varios sentidos, a miña estadía co alumnado da aula de 3 anos do CEIP de Parada-Campañó durante cinco meses podería ser descrita como unha especie de traballo de campo sobre unha comunidade concreta, unha comunidade educativa. Na liña da Antropoloxía lingüística, o noso labor investigador incluíu a observación directa das prácticas lingüísticas como parte importante da metodoloxía e, na última fase da investigación, o rexistro de pequenas mostras lingüísticas dos alumnos nas miñas interaccións con eles. Os datos orixinais e empíricos recolléronse na aula de usos múltiples do centro, a través das gravacións de voz realizadas a cada infante, individualmente. Os audios conteñen pequenas intervencións en galego e castelán que os propios meniños creaban ao responder ás preguntas que lles ía realizando

sobre aspectos traballados na aula (proxecto de aula sobre os animais da granxa) ou sobre aspectos que eu sabía que lles interesaban (debuxos, familia etc.).

No que atinxe á focaxe adoptada ao longo da pescuda, a forma de indagación autorreflexiva e actuante no papel de «mestra-instrutora-animadora» correspóndese bastante co que no ámbito das Ciencias sociais se coñece como investigación-acción. O suxeito, no meu caso como profesora-investigadora, céntrase nos individuos como membros dun grupo social, intervén con eles e implícase no proceso cíclico de investigación, acción e avaliación, na súa relación con eles. Neste caso, os individuos obxecto de atención foi o alumnado da mencionada aula. En total 25 crianzas, 13 nenos e 12 nenas.

3.3. A investigación sociolingüística cuantitativa e cualitativa

A abordaxe mixta de estratexias cuantitativas e cualitativas supuxo a combinación da avaliación da competencia lingüística dos infantes coa investigación das condicións e actitudes lingüísticas dos proxenitores e, para iso, planeouse e elaborouse unha enquisa sociolingüística. Nun primeiro momento considerouse a posibilidade de entrevistar os pais, a unha mostra deles, e obter datos cualitativos, mais finalmente optouse por deseñar e establecer un cuestionario con ítems xa estudados noutros traballos que puidesen reportar elementos interesantes cos que dar conta dos seus usos e competencias lingüísticas e explicar as destrezas lingüísticas do meu alumnado.

Todos os tipos de investigación teñen en común a procura da obxectividade. A Sociolingüística pretende obxectivar a relación entre lingua e sociedade. O seu foco principal de interese reside na maneira en que a xente, un grupo social etc. usa unha determinada variedade lingüística, a gramática, a pronuncia ou o léxico para expresar ou reter unha determinada identidade social. A recolleita dos datos sociolingüísticos das familias deste traballo realizouse despois de deseñar a conciencia 50 preguntas que permitisen extraer e tabular datos cuantitativos significativos relativos ás linguas da familia e aos seus usos habituais.

Esquematizados os pasos e procedementos de análise seguidos foron estes:

1. *Estudo previo de toda a documentación lingüística.* Existe abundante bibliografía que achega información e que é imprescindible ter en conta. O seu estudo é básico para preparar os pasos posteriores. Isto proporcionanos un amplo coñecemento do tema que se vai tratar e serve de orientación.

2. *Preparación das enquisas.* Hai que estudar ben que aspectos se van preguntar e redactar de maneira precisa para que nos proporcionen a información que necesitamos.
3. *Envío das enquisas e recollida delas.* Require fixar as datas máis apropiadas e o tempo que se permitirá para cumprimentalas.
4. *Recollida e computación de datos.* Os datos resultantes da enquisa sociolingüística.
5. *Análise dos datos obtidos.* É o obxecto da sección «Resultados e discusión».

As vantaxes das enquisas, segundo Fernández Salgado (2002), son: (i) as preguntas deséñanse co fin de sumar as respostas dos entrevistados para obter resultados aplicables a toda a mostra, (ii) as pesquisas baséanse nunha entrevista a unha mostra representativa de participantes, (iii) as preguntas fórmulanse de xeito imparcial, e (iv) as enquisas son reproducibles no futuro.

A idea inicial destas enquisas era coñecer a situación sociolingüística de cada familia para valorar despois os datos e comparalos coas linguas que empregan as crianzas, se as linguas seguen sendo as mesmas ou se mudan ao entrar no colexio ou se a competencia lingüística demostrada ten que ver coa lingua primeira ou máis habitual no seo da familia. A mostra delas foi de 44 individuos.

Canto ás estratexias de mostraxe, esta foi non probabilística e, dentro dela, unha mostraxe por conveniencia, xa que foi feita a individuos escollidos por min. A realización de enquisas directas aos proxenitores das crianzas permitiu crear unha base de datos dos mesmos e integrar toda a información. As preguntas da enquisa, dirixidas e directas son tanto de resposta aberta como pechada, predominando as últimas.

4. Comprensión e expresión oral en Educación infantil

As diferentes leis educativas aprobadas nos 15 últimos anos (LOE 2006, LOMCE 2015, LOMLOE 2020;) fan fincapé en que a función da escola é favorecer o desenvolvemento das competencias lingüísticas e comunicativas do alumnado de maneira que se constitúan en falantes competentes. Do punto de vista lingüístico, «falante competente» é aquel que sabe producir e interpretar enunciados nas situacións en que interacciona con outros falantes (como subscribiría Chomsky 1965), que sabe usar a lingua como ferramenta para lograr distintos propósitos (Lyons 1969) e adaptala á situación usándoa con propiedade (Hymes 1972).

Dende a miña vivencia durante a tempada no CEIP de Parada-Campañó, a escola non cumpre coa función de favorecer o desenvolvemento das competencias lingüísticas e comunicativas das crianzas en ambas as linguas, xa que todas as docentes que imparten clase na aula se comunican en castelán co alumnado. En Infantil non é como en Primaria que hai materias específicas para cada lingua; polo tanto, no que á escola se refire, o galego é para os escolares máis noviños «invisible» (aínda non saben ler), «inaudible» (non está no ambiente e polo tanto non é «sentido») e obviamente «irreproducíble» por ausencia de input. Nin a familia nin as mestras o transmiten e, en consecuencia, os meniños e meniñas non saben falar galego e non se pode dicir que sexan competentes en galego. De feito, de novembro do ano pasado a maio deste ano eu era a única persoa que se dirixía a eles en galego.

4.1. Que se pretendeu facer cos nenos e nenas?

O Decreto 150/2022, do 8 de setembro, establece oito competencias clave que desenvolver nas crianzas a través do traballo por proxectos. Dúas delas son a competencia en comunicación lingüística e a competencia plurilingüe.

Como se poden desenvolver as competencias lingüísticas na infancia? Baseándose en concepcións cognitivistas e construtivistas que compartimos. Padilla *et al.* (2008: 181) afirmaban de maneira categórica no seu artigo sobre a competencia lingüística como base da aprendizaxe que pode facerse dando simplemente oportunidades para «aprender a aprender» porque a linguaxe é realmente «o medio polo cal se pensa e se aprende». Esas oportunidades son as que se citan a modo de conclusión do que a escola debe fomentar: (i) expoñer, manifestar e expresar o que se sabe, (ii) compartilo con outros por medio da linguaxe, (iii) continuar aprendendo mentres o fan, (iv) expresar os sentimentos e explicar as súas reaccións, (v) coñecer distintos puntos de vista, (vi) aprender valores e normas e (vii) dirixir e reorganizar a conduta. Este é o plan de acción educativa que dalgún xeito tentei levar a cabo, a través das diferentes actividades que puxen en práctica na aula, mentres exercía como mestra: fomentar a escoita e comprensión das mensaxes e fomentar a libre expresión de ideas, emocións e inquietudes.

Un dos meus obxectivos para esta investigación foi o de conseguir dalgún modo documentar e avaliar a competencia lingüística, en galego e castelán, do alumnado da miña aula. Dende o comezo, comuniquéime cos nenos e nenas en galego, para introducir así dita lingua na aula.

No caso da «comprensión», o alumnado comprendeeme sempre en galego, chegando a reproducir expresións, palabras e frases que eu dicía ou lles dicía a eles. O galego comparte co castelán unha boa parte da gramática e do léxico como parte do legado latino do que ambas as linguas descendem. Polo tanto, pode dicirse que a comprensión do galego estivo en todo momento asegurada no sentido de que como profesora sempre estaba disposta a aclarar e reformular o que nalgúns ocasións podía non ser entendido ou malentendido. En cambio, se falamos da «expresión», o alumnado, polo xeral, continuou expresándose dentro e fóra da aula en lingua castelá. O que se afirma sobre o monolingüismo en castelán da aula non é esaxeración, puiden comprobalo a través da observación participante durante os cinco meses de convivencia e tamén á hora de realizar as gravacións de voz para avaliar a competencia oral en galego e castelán.

4.2. Que cousas concretas se poden facer?

Para traballar a comprensión e a expresión oral cos nenos e nenas, a mellor maneira de facelo é a través da descrición de obxectos e imaxes, da narración de situacións para que as crianzas se sintan estimuladas e acaden unha boa fluidez verbal, cunha ampla expresión e comprensión da linguaxe a través de contos, adiviñas, poesías e diálogos colectivos sobre temas significativos. Todo isto foron as actividades que desenvolvín con eles semana a semana neses cinco meses de convivencia. Os nenos e nenas, debe facerse notar, mostraron unha actitude moi positiva á hora da escoita e da fala nun idioma próximo. A «inmersión» lingüística non resultou en absoluto dramática. O profesor non é o único axente/falante na clase. Aínda así, despois de cinco meses comunicándome con eles en galego, resulta un pouco triste comprobar que só saben comunicarse en galego con algunhas palabras soltas aprendidas.

Semanas antes de rematar o traballo, leváronse a cabo as gravacións para avaliar a competencia lingüística do alumnado en galego e castelán. O exercicio consistía en observar como respondían, en galego e castelán, ás preguntas que eu lles facía sobre un tema en concreto.

Pois ben, estes cinco meses de exposición ao meu galego deron como resultado que as crianzas seguisen sendo totalmente capaces de elaborar frases longas e coherentes en castelán como «*Fui a casa de mis abuelos a comer y había pollo y pescado para comer*»; ou máis curtas e directas como «*Mi color favorito es el amarillo*», mais non de facelo en galego. De feito, só unha nena (dos 22 participantes) foi capaz de dicir dúas frases seguidas en galego: «*Hoxe vou axudar á miña nai e a meu pai. E á miña avoa e ao meu avó*». Para o resto, producir enunciados

en galego non forma parte aínda das súas destrezas lingüísticas e só eran capaces de dicir palabras soltas que aprenderon comigo (*praia, bolboreta, porco, granxa*, etc.).

En definitiva, na avaliación da competencia bilingüe (galego-castelán) da aula de 4º de Educación infantil do CEIP de Parada-Campañó, tanto por observación como a través das gravacións de voz aos nenos e nenas, o castelán resulta ben parado e «ben achado», mentres que o galego continúa sendo, dito en termos escolares, unha «materia pendente» que no mellor dos casos poderá ser recuperada nos cursos vindeiros. Os resultados, tanto das enquisas como das gravacións, falan ao unísono. Tanto as crianzas como as súas familias son castelanfalantes e, aínda que haxa familias que empreguen ocasionalmente o galego, non llelo transmiten ás crianzas.


Nesta conxuntura, cumpriría traer aquí o que Núñez Singala (2020) nos recorda: «as linguas, todas son linguas, son instrumentos de comunicación e sobreviven na boca dos falantes. Se unha lingua non se usa, morre». Se queremos que viva, só hai que usala.

5. Resultados e discusión das enquisas e das entrevistas


Nas seccións anteriores identificouse o marco teórico no que entender este traballo (o da ecoloxía das linguas), explicáronse os conceptos sociolóxicos, psicolóxicos e educativos que axudan a explicar a problemática lingüística de Galicia e describiuse a metodoloxía que se seguiu para obter os datos referidos aos usos familiares e á competencia lingüística. Finalmente, como culminación da investigación levada a cabo, dáse paso agora á comunicación dos resultados que deu a mesma e á súa discusión crítica.

5.1. Os datos das enquisas ás familias


Canto aos datos das enquisas, estas foron enviadas a 46 individuos, das cales foron devoltas 44 (23 nais e 21 pais). A enquisa consta dun total de 50 ítems nos que se irá profundando. A seguir, amósanse as catro gráficas que resultan máis relevantes sobre os usos lingüísticos dos pais e nais dos alumnos aos que eu dei aulas.




Gráfica 1: Lingua inicial de pais e nais. Elaboración propia.



Gráfica 2: Lingua en que aprenderon a ler e escribir. Elaboración propia.



Gráfica 3: Lingua na que se senten máis cómodos falando. Elaboración propia.



Gráfica 4: Lingua en se dirixen aos fillos e fillas. Elaboración propia.

Antes de comentar as gráficas e abordar a súa discusión, farase unha revisión dos resultados globais obtidos. En primeiro lugar, fálase xeralmente da variable do tipo de hábitat como factor lingüístico definitorio, xa que son moitos os estudos que afirman que este inflúe na distribución das linguas, dándose máis uso do galego no rural e máis do castelán na cidade (Iglesias Álvarez 2018). Nesta enquisa, a maioría de individuos consultados viven no rural, aparecen igualados os que viven en hábitat urbano e semiurbano e hai un número moi inferior que din vivir nun hábitat periurbano. Polo tanto, como todas as crianzas son castelanfalantes, a variable do «hábitat», referíndonos ao estudo de Iglesias Álvarez, non decide nin determina na lingua falada polos mesmos. A tendencia no relativo ás linguas nesta zona de transición entre o rural e o urbano da cidade de Pontevedra equipárase ao da cidade, como iremos vendo nesta sección. Enlazando o anterior coa clase social, obsérvase que o status social das familias recae entre as clases media alta e a media baixa.

Entrando xa nas linguas, pódese observar como a meirande parte da mostra foi educada en ambas as linguas (galego e castelán: 24) dentro do ámbito familiar; deixando así poucos individuos que só o fixesen unicamente nunha das dúas linguas: (castelán: 9 - galego: 8). Hai tres persoas que foron educadas noutras linguas. As linguas que se falan no día a día na casa e na súa vida social son, maioritariamente, as dúas. Poderíamos, por tanto, describir o contexto social das familias como tipicamente «bilingüe», na que se alternan as dúas linguas dependendo de factores diversos polos que non preguntamos de maneira específica na enquisa. En contraste con este bilingüismo ambiental, o máis notable de todo o que se pode extraer da nosa mostra é o uso maioritario do castelán cos meniños. A meirande parte dos individuos diríxense aos seus fillos e fillas en castelán, exactamente 38 pais e nais dos 44 usan o español cos fillos. Deles, máis da metade, 23 en concreto, fano só en castelán. A práctica monolingüe en galego nesta relación que coidamos crucial só estaría asegurada por 5 pais. Outros 15 usaríano en alternancia co castelán. En resumo, menos da metade. Só un pai se relaciona co seu fillo «noutra lingua», que é o catalán.

Se nos centramos na lingua materna dos entrevistados (contestadas por 42 individuos), temos unha maioría de individuos que tiveron como primeira lingua o castelán (54,76 %). Un 21,43 % declara o galego como lingua materna e un 19,05 % reivindica as dúas como linguas iniciais. Unha lingua materna distinta de galego e castelán estaría representado por 4,76 % dos inqueridos. Poderíamos inferir, por tanto, que aproximadamente a metade dos avós dos nenos da aula saben falar galego. Con relación á lingua da escola dos primeiros anos, formulada na enquisa como a lingua na que aprenderon a ler e escribir, o castelán foi a lingua da maioría

(58,14 %); seguida de «ambas as linguas» (34,88 %), de «outras linguas» (4,65 %) e, por último, do galego (2,33 %). Só 1 das 42 persoas aprendeu primeiro a ler en galego. En conclusión: a escola infantil en Pontevedra foi refractaria ao galego en plena Autonomía.

Respecto á lingua na que os pais e nais se senten máis cómodos falando, hai un claro predominio do castelán, seguido dunha igualdade entre ambas as linguas e con moi poucos casos —pouco máis dunha sétima parte da mostra— que o fagan só en galego (só 5 de 38). Na vida familiar, a gran maioría destes diríxese á súa parella case sempre en castelán (42,86 %) ou só en castelán (38,1 %). O castelán é certamente a lingua dos fogares dos nenos deste colexio no 80 % dos casos. Son moi poucas as parellas que falan e se comunican maioritariamente en galego (9,52 %) ou só en galego (9,52 %). Dito de maneira máis expresiva, hai un claro predominio do castelán pois só 2 de cada 10 pais falarían en galego cos seus *rebolíños*.

Se se fala do grao de coñecemento, comprensión oral, facilidade para escribir e ler, pódese observar como a meirande parte dos pais non percibe grandes problemas coas 4 destrezas lingüísticas, polo menos en termos de autopercepción. Case todos poderían ser considerados «galegofalantes potenciais» —polo menos en determinadas ocasións—, pois 41 das 44 persoas enquisadas declaran ter unha facilidade media ou alta para falar galego. Neste sentido serían proxenitores que se ven como competentes en galego.

Canto á variable sobre a crenza do nivel de coñecemento do galego oral e escrito que teñen, esta estaba distribuída entre moi malo, malo, regular, bo e moi bo. Os resultados do mesmo recaeron en: moi malo (1 persoa), regular (8 persoas), bo (29 persoas) e moi bo (6 persoas). Por outra banda, e cos mesmos ítems, a crenza que teñen sobre o nivel de coñecemento do castelán oral e escrito quedou do seguinte xeito: regular (4 persoas), bo (28 persoas) e moi bo (12 persoas). Isto dá como resultado 35 persoas que cren que falan e escriben ben o galego e 40 persoas que cren que falan e escriben ben o castelán.

Pasando agora á cultura formal —literaria— e centrándonos nos libros lidos en galego, castelán ou outra lingua, a primeira xeneralización que se pode facer é a de que as lecturas dos proxenitores son maioritariamente en galego e castelán, e só se rexistra un número moi inferior de libros lidos noutra lingua. A relativa igualdade entre o español e o galego sáldase a favor do primeiro: entre 10 e 40 hai máis ou menos o mesmo número de lectores. Na opción de lectores en español de «máis de 40 libros» hai 20 pais que marcan esta opción por só 6 que se decantan por esa opción en galego. No que atinxe ás preferencias lingüísticas na lectura, á maioría dos pais daríalles igual ler unha tradución en galego ou en castelán (56,82 %). O 38,64 %

faríao en castelán e só un 2,27 % o faría en galego. Como se interpreta esa metade de lectores potenciais en galego? A actitude indecisa e pasiva co galego entre os galegofalantes é cuestión que debería ser abordada, pois, contrariamente, é a actitude asertiva a que se dá entre os castelanfalantes.

As razóns que son aducidas para falar habitualmente as linguas son de, máis a menos, por costume ou comodidade (50 %), porque se dirixen a eles nesa lingua (26,79 %) e porque é a súa lingua inicial (23,21 %).

Centrándonos na actitude das familias respecto a ambas as linguas, 27 dos 44 proxenitores enquisados teñen a percepción de que as librarías e áreas comerciais non lle dan visibilidade suficiente ao libros infantís en galego e que debería haber máis programas de radio e televisión en galego. En cambio, só 9 pais e nais, unha quinta parte, ven a TVG. Á pregunta de se debería haber máis programas de radio e televisión en galego, 30 dos 44 responderon afirmativamente.

A percepción da non dispoñibilidade do galego é compartida por organizacións civís, asociacións culturais e grupos de presión favorables ao galego (Queremos Galego, Prolingua, A Mesa pola Normalización Lingüística) que responsabilizan ao Goberno de inoperancia nestes ámbitos. De feito, A Mesa está promovendo unha campaña en favor dunha canle 24 horas para a infancia e xuventude con contidos educativos e de produción galega. Mesmamente, outros 30 dos 40 que responderon consideran que non hai suficientes actividades culturais que promovan o galego ou que estas non chegan a eles.

O 81,82 % das familias consideran que a actitude da poboación galega cara a ambas as linguas é positiva. Coa entrada en vigor da LOMLOE, que lle dá o poder ás comunidades autónomas para determinar cal vai ser a lingua vehicular de cada territorio no ámbito educativo, preguntouse se consideraban acertado que o castelán deixase de ser lingua vehicular e se o galego cobraría máis importancia na nosa comunidade. Un 69,77 % dos individuos responderon que non lles parece acertado que o castelán deixe de ser a lingua vehicular e un 53,49 % considera que se lle dará máis importancia ao galego.

Finalmente, houbo opinións moi contrapostas sobre se o Goberno galego destaca a importancia do galego e se fai os esforzos suficientes para protexer e preservar a lingua galega. Faise de seguido unha lista do que se verbalizou libremente na enquisa. Hai proxenitores que opinan que si o fai, outros que non, outros descoñecen se o fai ou non, hai quen di que se deben coñecer ambas as linguas, que hai falta de compromiso e sentimento respecto ao galego, que oxalá a educación remate co complexo de falar galego e quen apunta que deberían facer máis e mellor, sobre todo actividades para os cativos.

No polo oposto, houbo respostas que poden producir abraio, como que parece que os que falan castelán non existen para o Goberno, que o galego é unha imposición, que se fala na Administración pero non na rúa, que fóra das nosas fronteiras o galego non serve para nada, e que non se poden mudar as palabras, xa que sempre foi «gracias» e non «grazas». Un libro publicado en 2010, que leva o título de *55 mentiras sobre a lingua galega*, describe os prexuízos máis comúns en contra do galego, faise eco de varios destes preconceptos e dá resposta informada a cada unha das obxeccións listadas por estes pais e nais.

5.2. Discusión dos resultados das enquisas á luz das entrevistas

5.2.1. O hábitat dos nenos e nenas e a lingua da clase (2-6)

Os nenos e as nenas falan a lingua que falan con eles no seu hábitat. A observación participante e os audios das pequenas entrevistas revelan que o conxunto do alumnado da aula é monolingüe en castelán. Tanto a lingua que traen do ámbito familiar coma a lingua ambiental do centro é, maioritariamente, o castelán.

As familias que envían os seus nenos a este centro residen nun medio suburbano que abranguería unha zona rururbana heteroxénea nas aforas de Pontevedra. A mostra das enquisas inclúe un grupo maioritario que se autodefine como residente en hábitat rural (20 das respostas) e un grupo maior que escolle opcións «urbanas» (24 persoas que describen o seu medio como urbano, semiurbano ou periurbano). Se falamos do medio social e intelectual ao que se adscriben as familias dos nenos de Campañó, a meirande parte dos proxenitores son graduados universitarios e optan por identificarse socialmente como de clase media. Só unha das 44 persoas enquisadas se declara de clase baixa.

5.2.2. Os membros da familia e as linguas dos nenos (6-7)

En 11 das familias que participaron na enquisa só hai un neno, e en 17 dous. O caso dos nenos e nenas que conviven con algún avó ou avoa está representado por 6 dos 22 que compoñen a clase. Unha das familias é monoparental. No meu tempo no colexio só tiven a oportunidade de me comunicar cun par de avós, galegofalantes, pero que aos seus netos lles falaba en castelán. No resto dos casos, tanto as crianzas como os seus pais e nais falaban entres eles en castelán. O feito de que os proxenitores establecesen, maioritariamente, o castelán como lingua de comunicación coas crianzas dá como resultado que as interaccións espontáneas do conxunto do alumnado da aula, e tamén nas gravacións realizadas, sexa monolingüe en castelán.

5.2.3. O que as familias din saber e practicar e o que os nenos saben dicir nas dúas linguas (8-39)

A meirande parte dos pais e nais afirma que non teñen ningún problema para se comunicar en calquera das dúas linguas, aínda que a lingua, na que aprenderon a ler e escribir, na cal se dirixen aos seus fillos, amizades, á súa parella e na que se senten máis cómodos falando é, de maneira predominante, o castelán. A pesar de se dar a condición dun potencial bilingüismo nos proxenitores, a realidade é que esa potencialidade non se reflicte nas crianzas, ás que o galego lles resulta unha lingua practicamente estraña, xa que ambientalmente só están expostos ao castelán.

Xa falamos dos libros e da lectura no punto 5.1. Os proxenitores están familiarizados con libros en galego e castelán e non terían, nunha proporción notable, problema para desfrutar da lectura en galego, aínda que os que prefiren o español unicamente son 17 dos 44. Se falamos dos medios de comunicación, a maior parte da mostra ve A3, Cuatro e Telecinco (15) ou televisións privadas (12); seguidas de Clan e outras plataformas con programación infantil. Das dúas públicas, a TVE (6) ten menos adeptos ca a TVG (9).

Por conseguinte, despois de analizar todo o anterior, resulta cando menos chocante que na práctica a norma xeral implícita sexa a de non transmitir unha parte do legado lingüístico de que dispoñen aos descendentes. Pode observarse claramente e as enquisas confirmárono que, a pesar de que se poden manexar perfectamente en ambas as linguas, non lles transmitiron, polo menos de momento, o que saben ás súas crianzas, xa que estas son totalmente monolingües en lingua castelá. Isto, é xusto anotalo, delata o pouco compromiso das familias máis novas para con ambas as linguas.

Sobre a fiabilidade das respostas emitidas no cuestionario polos pais, debería facer notar a miña suspicacia con relación á veracidade dalgunha delas. Dáme que pensar as declaracións con relación ás linguas faladas habitualmente. Non estou segura de que sexa o momento de cuestionalas, mais tampouco de que se deba interpretar literalmente o que escolleron, xa que, eu, ao longo de cinco meses, non vin ese bilingüismo nas familias e moito menos nos nenos e nenas; nestes últimos, comprobado coas gravacións. O máis apropiado, se cadra, sería falar dun caso de semilingüismo nas familias antes que dun bilingüismo.

Finalmente, no 97,73 % dos fogares hai un computador ou aparello tecnolóxico que podería empregar a crianza, tanto para traballar contidos educativos como para o lecer, pero o 63,64 % dos proxenitores non coñece actividades en galego na rede para as crianzas. Aquí é onde a Consellaría debería asumir o reto promovendo

proxectos e creando materiais específicos en galego para as crianzas, para así darlles as mesmas oportunidades educativas no que ás tecnoloxías se refire, tanto ao castelán coma ao galego. Mesmamente, deberían facer unha maior promoción para que chegue ás familias.

5.2.4 As expectativas dos pais e as prácticas lingüísticas dos fillos (40-50)

Resulta como mínimo curioso que da mostra considerada exista unha maioría que crea que o galego se vai estabilizar (18) ou aumentar (6) e que sexan menos os que cren que vai diminuír (13) ou desaparecer (4). Poida que antes ca unha crenza máis ou menos racional ou emocional só sexa un desexo, pero dá marxe para a esperanza. Certo que, obxectivamente, ninguén subscibe de maneira realista a quinta opción; pero que ninguén considere que «o galego vai ser a lingua dominante» non debería sorprendernos, pois xustamente a opción inversa tampouco foi contemplada: «o galego vai ser (sempre) a lingua dominada».

Respecto á pregunta da actitude que pensan que teñen os galegos e galegas cara a ambas as linguas, o 68,18 % considera que os galegos teñen unha visión positiva cara á lingua galega mentres que un 95,45 % considera que teñen unha actitude positiva cara o castelán. En resumo, os pais e nais consideran que os galegos teñen unha actitude máis positiva cara á lingua castelá que cara á lingua galega, pero 7 de cada 10 parecen ser da opinión de que o galego tamén é valioso.

Á pregunta de se consideraban que era acertado que o castelán deixase de ser lingua vehicular, o 69,77 % considerou que non era unha boa opción. Asemade, o 53,49 % opinaba que potencialmente esa medida non ía facer que se lle dese máis importancia ao galego na nosa comunidade. As familias que envían os seus nenos a este centro posiblemente estean indicando que non é tanto que non queiran que o galego sexa vehicular (pois de feito éo aínda que sexa de maneira limitada) como que non queren que o castelán deixe de ocupar o lugar privilexiado que ten. Sexa cal sexa o motivo, persoalmente, a sensación que dá é a de que ven ao castelán como lingua superior ao galego e non queren renunciar a el, perpetuando así, unha situación de diglosia para co galego. Á pregunta de se o Goberno galego destacaba a importancia da lingua galega e se facía esforzos dabondo para protexer e preservar a lingua, só responderon arredor de 20 persoas. O feito de que a metade non respondese podería entenderse como parte do apoliticismo ou falta de vontade de participar na política que se nos apón aos galegos ou como síntoma claro da politización que sofren as linguas. É o Goberno o que ten que traballar para unha igualdade de ambas as linguas no ensino e os docentes temos que ser quen de promovelas e facelas efectivas entre o noso alumnado.

Como ben explica o sociolingüista Henrique Monteagudo (2021):

a competencia lingüística non depende só do sistema educativo, como tamén o uso da lingua non depende só da competencia. Sen competencia non hai uso e o marco legal sinala uns obxectivos moi precisos que o modelo actual non parece garantir. Compete á Xunta de Galicia e ás outras institucións públicas crear condicións para que os centros educativos sexan ámbitos facilitadores e non hostís cara o idioma.

6. Conclusións

A presente investigación pretende destacar aspectos de vital importancia para a supervivencia do galego. A través dela quixemos mostrar unha visión detallada e completa da situación actual en que se encontran o galego e o castelán nunha aula concreta que podería moi ben ser a de moitas outras escolas infantís galegas.

A realización desta investigación ao longo de cinco meses levounos a ver a necesidade de afondar na complexidade das cuestións teóricas e prácticas que competían para sacar adiante un proxecto sobre o uso das linguas co alumnado de tres anos. Asemade, comprobamos que a dualidade de investigación cuantitativa e cualitativa combinada coa abordaxe propia dunha investigación-acción foi razoablemente satisfactoria para documentar a competencia lingüística dos meniños estudados e a que cremos que é a causa fundamental da súa pouca competencia en galego: os pais non falan cos seus fillos en galego con independencia de que os seus pais (os avós dos nenos) o falasen con eles cando eran nenos ou o sigan falando. A norma (o «normal», a «tendencia», non se sabe impulsado por quen) que todos seguen é a do abandono do galego. Ten algo que ver con isto a escola infantil? A resposta afirmativa estaría avalada por unha das cuestións que responden os pais no cuestionario rememorando os seus comezos escolares: só un pai dos 44 aprendeu a ler e escribir primeiro en galego. A escola deixa a súa impronta en todos nós e os pais dos nenos de Parada-Campañó, coma os de moitos outros colexios de Galicia, aprenderon unha lección lingüística importante nos primeiros anos de escola: a subordinación escolar do galego.

Aínda así, debe recoñecerse que se deu, polo menos aparentemente, un proceso de galeguización ambiental ao longo dos anos, pois os pais decláranse case igualmente competentes en galego e castelán. A cuestión que requiriría atención e remedio é a de que se en verdade saben galego, estanllo negando aos seus fillos e fillas, xa que estes son monolingües en castelán.

A adquisición da competencia lingüística en máis dunha lingua tense socialmente por un dos maiores logros na vida das persoas. Polo tanto, a escola, as institucións públicas, e o Goberno, autonómico e estatal e europeo, deberían garantir que, nunha comunidade bilingüe como se define a nosa no seu Estatuto de Autonomía, as crianzas consigan desenvolverse de maneira competente nas dúas linguas oficiais.

Nas páxinas precedentes tentouse documentar e describir cal era a situación lingüística nunha aula concreta dun CEIP no seu primeiro ano de escola. O castelán é a lingua na que se senten instalados e cómodos todos os meniños porque é a única lingua que lles transmitiron na casa. Este monolingüismo xeneralizado non se ve realmente afectado no ámbito escolar, pois, no caso do centro de referencia do noso estudo, a meirande parte dos contidos dos tres primeiros anos de escola son desenvolto en castelán, o que non axuda a desenvolver a competencia lingüística en galego. Só unha nena das 25 crianzas que tiveron como alumnado é capaz de construír unha frase correcta en galego. O resto só foi capaz de aprender unha certa cantidade de léxico fundamental.

Queda moito camiño por percorrer no respectivo á lingua galega e espero que o meu labor diario e como futura docente sirva para que o galego teña máis presenza nas aulas.

Referencias bibliográficas

- Bilingüismo, (11 de abril de 2021), en *Galipedia, a Wikipedia en galego*. Dispoñible en: <<https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Biling%C3%BCismo&oldid=5741729>>.
- Bragado, Manuel (2020): «Unha década de plurilingüísimo», *Faro de Vigo* (15/12/2020). Dispoñible en: <<https://www.farodevigo.es/opinion/2020/12/15/unha-decada-plurilingueismo-26321688.html>>.
- Cajide Val, Xosé/José R. Alberte Castiñeiras (1989): *Modelos de ensino bilingüe axeitados á realidade galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Política Lingüística.
- Calvet, Louis-Jean (2004): *Por unha ecoloxía das linguas do mundo*. A Coruña: Laiovento. [Trad. A. Iglesias Diéguez].
- Castro, C. (2021): «Un 40 % do alumnado en Galicia remata a ESO sen saber falar galego con fluidez», *Galicia Confidencial* (27/04/2021). Dispoñible en: <<https://cutt.ly/AnWe2Um>>.
- Chomsky, Noam (1965): «Preface», en *Aspects of the Theory of Syntax*. Cambridge, Massachusetts: The MIT Press, xxi-xxiv. Dispoñible en: <<http://www.jstor.org/stable/j.ctt17kk81z.4>>.

- Crystal, David (2003): *A morte das linguas. Razóns para a sobrevivencia*. Vigo: Galaxia.
- Crystal, David (2008): «Es urgente una ecología lingüística», *Público* (30/01/2008) Disponible en: <<https://www.publico.es/ciencias/urgente-ecologia-lingueistica.html>>.
- Cumins, J. (1994): *Semilingualism*, en *Encyclopedia of Language and Linguistics*. Oxford: Elsevier.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Galicia, 9 de setembro do 2022, núm. 172, 47984-48056.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*. Galicia, 25 de maio de 2010, núm. 97, 9242- 9247.
- Diglosia (17 de novembro de 2020), en *Galipedia, a Wikipedia en galego*. Disponible en: <<https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Diglosia&oldid=5623055>>.
- Dirección Xeral de Política Lingüística (1998): *Galego: lingua propia de Galicia*. Santiago de Compostela: Item-Aga.
- Ecolingüística (22 de xaneiro de 2021), en *Galipedia, a Wikipedia en galego*. Disponible en: <https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Ecoling_%C3%BC_%C3%ADstica&oldid=5676070>.
- Ethnologue (2021), en *Ethnologue. Languages of the World*. (Sitio web). Disponible en: <<https://www.ethnologue.com/>>.
- Europa Press (2020): «La RAG reivindica el uso del gallego "en todas las materias" de la educación», (12/12/2020). Disponible en: <<https://cutt.ly/5nWe8nV>>.
- Ferguson, Charles A. (1959): «Diglossia», *Word* 15(2), 325-340.
- Fernández Salgado, Benigno (2002): «¿Crise? ¿Que crise?», en David Crystal, *A morte das linguas. Razóns para a Sobrevivencia*. Vigo: Galaxia, 7-16.
- Fernández Salgado, Benigno (2002): *Técnicas e métodos de investigación lingüística e filolóxica* (MS. Programa de Doutoramento). Universidade de Vigo.
- Fiske, John (1999): *Introdução ao estudo da comunicação*. Porto: ASA.
- García Soto, Xosé R. (1996): *Era unha vez un neno... Estudio da evolución da linguaxe en nenos galego-falantes*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Haugen, Einar (1972): «The ecology of language», en Anwar S. Dil (ed.), *The ecology of language. Essays by Einar Haugen*. Stanford University Press, 325-339.
- Hymes, D.H. (1972): «On Communicative Competence», en J.B. Pride /J. Holmes (eds.), *Sociolinguistics. Select Readings*. Harmondsworth: Penguin, 269-293.
- IGE = Instituto Galego de Estatística (2018): *Uso habitual das linguas do territorio galego*. (04/02/2021). Disponible en: <<https://www.ige.eu/web/index.jsp?idioma=gl>>.

- Iglesias, Ana (2018): «A adquisición da competencia bilingüe no alumnado de educación infantil en Galicia», en Marta Días Ferro et al (eds.), *Actas do XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral. Vigo, 13-15 e xuño de 2018*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Karmiloff, Kyra/Annette Karmiloff-Smith (2005): *Hacia el lenguaje*. Madrid: Morata.
- Lewis, M Paul/Gary F. Simon (2010): «Escala ampliada graduada de disrupción intergeneracional (EGIDS)». Dispoñible en: <<https://cutt.ly/TnWe682>>.
- Lingua minoritaria (27 de febreiro de 2021), en *Galipedia, a Wikipedia en galego*. Dispoñible en: <<https://cutt.ly/bnWrwTW>>.
- Lingua minorizada (10 de outubro de 2019), en *Galipedia, a Wikipedia en galego*. Dispoñible en: <<https://cutt.ly/znWre7f>>.
- Lingua oficial (21 de maio de 2018), en *Galipedia, a Wikipedia en galego*. Dispoñible en: <https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_oficial&oldid=4742172>.
- Loredo, Xaquín / Bieito Silva Valdivia (2021): *Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Lyons, Jhon (1969): *Introduction to Theoretical Linguistics*. Cambridge: CUP.
- MacSwam, Jeff (2000): «The Threshold Hypothesis, Semilingualism, and Other Contributions to a Deficit View of Linguistic Minorities», *Hispanic Journal of Behavioral Sciences*, 22, (1), 3-45.
- Monteagudo, Henrique (2021): «A competencia lingüística da mocidade», en Tribuna, Real Academia Galega (4 de xuño do 2021). Dispoñible en: <<https://academia.gal/-/a-competencia-linguistica-da-mocidade?redirect=%2Finicio>>.
- Moreira, Miguel (2014): *Contra a morte das linguas. O caso do galego*. Vigo: Xerais.
- Mühlhäusler, Peter (1994): «Salvar Babel», *The Unesco Courier*, 17. Londres: The Unesco Courier. [Trad. B. Fernández Salgado]
- Multilingualism (7 de maio do 2021), en *Wikipedia*. Dispoñible en: <<https://en.wikipedia.org/wiki/Multilingualism>>.
- Núñez Singala, Manuel (2020): *En galego, por que non?* Vigo: Editorial Galaxia.
- Padilla, David/Carmen Martínez Cortés/Teresa Pérez Morón/César Rodríguez Martín/Francisco Miras Martínez (2008). «La competencia lingüística como base del aprendizaje», *International Journal of Developmental and Educational Psychology* 2(1), 177-183. Dispoñible en: <<https://www.redalyc.org/articulo.oa?id=349832317019>>.
- Pool, Jonathan (1991): «The Official Language Problem», *The American Political Science Review*, 85 (2), 495-514.
- Sapir, Edward (2010): *A linguaxe. Introducción ó estudo da fala*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago: Fundación BBVA. [Trad. B. Fernández Salgado]

- Siguán, Miguel (2010). *Bilingüismo y lenguas en contacto*. Madrid: Alianza
- Stroud, Christofer (1978): «The concept of semilingualism», *Working Papers of the Department of Linguistics* 16, 153-172. Disponible en: <<https://cutt.ly/EnQFYFS>>.
- Wurm, S. (1988): «Language death and disappearance: causes and circumstances», en R.H. Robbins / E.M. Uhlenbeck (eds.), *Endangered languages* (pp. 1-18). Providence: CUP.
- Xunta de Galicia. (2006). *Plan xeral de normalización da lingua galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Presidencia, Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que recolle traballos académicos dos novos investigadores e investigadoras no ámbito da Filoloxía Galega.

Neste vol. 8 abórdanse temas coma o uso do artigo e posesivo con nomes de parentesco, as identidades e ideoloxías dos neofalantes, o monolingüismo na Educación infantil e a figura literaria da bruxa como motivo de análise nas aulas.

Universidade de Vigo